

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALLEGA DE ASOCIACIONES DE ATENCIÓN A LAS PERSONAS CON PARÁLISIS CEREBRAL, PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL E/OU PATOLOXÍAS AFÍNS, E DO MANTEMENTO DA ENTIDADE E AS ENTIDADES ASOCIADAS PARA O EXERCICIO 2026

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

A Federación ASPACE Galicia, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 5/99, tendo por finalidade acadar a igualdade de oportunidades das persoas con parálise cerebral mediante a coordinación e cooperación entre as asociacións de parálise cerebral. A entidade, declarada de utilidade pública, figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1402.

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

Nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 está prevista unha subvención nominativa a favor desta entidade, polo que para a súa instrumentación, conforme ao previsto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 37.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, e en congruencia cos obxectivos citados, resulta conveniente a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación ASPACE Galicia, toda vez que a través dela desenvólvense servizos de apoio e asesoramento e actuacións de carácter horizontal das que se benefician todas as asociacións federadas.

As actuacións obxecto dos programas subvencionados a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade que asume o seu órgano de dirección a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, no



Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade; concretamente no seu artigo 21, prevé a competencia da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade para a proposta, o impulso, a elaboración das bases, e a tramitación dos procedementos de concesión e seguimento das axudas e subvencións a través da concesión directa ás entidades prestadoras de servizos sociais no ámbito da discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

O obxecto do presente convenio é contribuír a través da concesión directa dunha subvención ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade do mantemento da Federación ASPACE Galicia e das súas entidades asociadas así como das actuacións que conforman o programa que a Federación ASPACE Galicia ten previsto desenvolver durante o ano 2026 dirixidas á atención das persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns, e ás súas familias desde unha perspectiva global, integral e normalizadora, para mellorar a súa autonomía persoal, a súa calidade de vida e favorecer a integración social e laboral deste colectivo na sociedade galega.

As actuacións do programa encádranse nos seguintes servizos:

1. Información e traballo social. A Federación ASPACE Galicia é a entidade de referencia, a nivel autonómico, en parálise cerebral e presta a todas as persoas, organismos e entidades que precisen información e asesoramento sobre o colectivo, a través dunha traballadora social.
2. Asesoramento legal a través dunha avogada que informa e asesora en temas legais e na defensa dos dereitos ás persoas con parálise cerebral e outras discapacidades afíns; forma e fortalece ás persoas con parálise cerebral para que sexan axentes activos na defensa dos seus dereitos individuais e colectivos e na denuncia de situacións de vulneración dos dereitos das persoas con parálise cerebral.
3. Formación especializada sobre igualdade dos/das profesionais das entidades da Federación Aspace Galicia para ampliar os seus coñecementos en materia de igualdade e prevención do abuso.
4. Información e sensibilización da sociedade a través dos medios de comunicación, das redes sociais e de empresas sobre os problemas que padecen as persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns así como as súas necesidades e demandas, dos efectos de padecela e as consecuencias na vida cotiá tanto para as persoas que a padecen como para os seus familiares e achegados.
5. Formación e emprego para facilitar a integración sociolaboral das persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns a través de itinerarios personalizados de orientación, prospección e acompañamento no posto de traballo, necesarios para a súa incorporación ao mercado laboral ordinario.
6. Fortalecemento do movemento asociativo a través de servizos, profesionais ou apoios de diferente índole e complementarios aos existentes nas asociacións.



Non serán obxecto deste convenio aquelas actividades específicas organizadas pola Federación ASPACE Galicia que non deriven do mantemento e funcionamento ordinario da propia entidade.

No deseño e desenvolvemento do programa e das actuacións a subvencionar a través do presente convenio incorporárase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

Para o cumprimento das actuacións do programa e servizos previstos na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará noventa e seis mil cento vinte e dous euros (96.122,00 €), que serán imputados á aplicación orzamentaria 08.04.312E.481.29 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Na cláusula sétima do convenio prevese un anticipo de pagamento do 80% do importe da subvención, coa finalidade de que a entidade beneficiaria dispoña desde o inicio do exercicio económico da liquidez suficiente para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da execución deste convenio. Isto ven motivado por tratarse de entidades sen ánimo de lucro e unha parte importante do seu financiamento procede das Administracións Públicas, de modo que non contan coa liquidez suficiente ao inicio do exercicio para o desenvolvemento dos programas e actuacións que desenvolven para a atención ás persoas con discapacidade, o que implica ter que acudir a liñas de crédito con entidades bancarias en tanto non perciben o pagamento da subvención concedida, co sobrecusto que iso implica. Así mesmo, conforme aos antecedentes neste centro directivo, as subvencións concedidas en exercicios anteriores a esta entidade están sendo correctamente xustificadas en tempo e forma.

En consecuencia, e dado que ditas condicións de pagamento exceden dos límites previstos no artigo 63.1. un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e conforme ao previsto no artigo 63.3 da dita norma para a tramitación deste expediente de gasto será preciso autorización do Consello da Xunta.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora Xeral de Persoas con Discapacidade

P.A. Disp. Adicional 1ª do Decreto 139/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27.05.2024)

O director Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

Antonio Acevedo Prado

